

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Endereço electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA NOS CENTROS HISTÓRICOS

O luns día 15 de marzo de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se convocan as axudas para a adquisición de vivenda nos centros históricos.

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

- Que os ingresos anuais das persoas que componen a unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a 6,5 veces o IPREM.
- Ter subscrito con data posterior ao 01 de xaneiro un contrato privado ou, se é o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivenda.
- Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda, salvo que a vivenda vaia ser obxecto de rehabilitación, neste caso deberán empadroarse nela no momento da finalización das citadas obras.
- Que nin a persoa solicitante nin as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae únicamente sobre unha parte alícuota desta e foi obtido por transmisión mortis causa.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda para a adquisición de vivenda será de **ata 12.800 euros por vivenda**, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 35 anos, e de 10.800 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas maiores de 35 anos.

As axudas terán o límite do 20 % do prezo de compra da vivenda, o cal non incluirá os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará o 1 de setembro de 2021.**

Meira, 17 de marzo de 2021.

O Alcalde,

